

A las 16:15 horas do día 12 de xullo de 2016, existindo o quórum necesario para a constitución da Comisión de Calidade, iniciase á mesma, estando presentes ás seguintes persoas:

Arias Martínez, M^a Antonia

Fernández Acevedo, Rafael

Guerrero Gesteira, Isabel

López Rodríguez, Alba

Pita Grandal, Ana M^a.

Torres Pérez, Francisco José

Ruiz Hidalgo, Carmen

Excusan:

Araújo Fernández, Isaac Borja

Rodríguez Rodríguez, Emma

Muleiro Parada, Luis

Domínguez Rubira, Carmen

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Apróbase.

2.- Informes da Sra. Decana

2.1.- A Decana informa que haberá unha Comisión de Calidade na vindeira semana para informar as táboas de recoñecementos e certas normativas (TFM Máster, Prácticas externas máster abogacía, Prácticas externas grao en Dereito).

2.2.- A Decana informa que mañá 13 de xullo celebrárase unha reunión dos Decanos do ámbito xurídico social sobre a RPT. Informará sobre os resultados da mesma na Xunta de Facultade que se celebrará mañá ás 13 horas.

2.3.- A Decana informa sobre a variación composición (membros) da Comisión de Calidade da UVigo, tal e como consta nunha comunicación recibida hoxe mesmo desde o Área de Calidade da UVigo.

2.4.- A Decana informa sobre a variación formal dos procedemento de admisión de alumnado, tal e como se solicita por correo recibido da Área de Calidade. En dito correo especificábase que non se trata de variacións substanciais que necesiten unha nova aprobación.

2.5.- A Decana informa sobre a consulta de conservación da avaliación continúa para segunda oportunidade (xullo). Enviouse escrito a Secretaría Xeral e estamos agardando resposta.

3.- Emisión de informe sobre as alegacións ao Informe de Acreditación do Máster en Avogacía.

A Coordinadora do Máster en Vigo e Pontevedra, María Antonia Arias, puntualiza que se trata dunhas alegacións consensuadas con Ourense. A continuación da lectura a tales alegacións.

Apróbanse sen ningunha modificación con respecto a documentación aportada.

4.- Emisión de informe sobre as alegacións ao Informe de Acreditación do Grao en RRLL e RRHH.

O coordinador do grao, Rafael Fernández Acevedo, fai lectura de tales alegacións. Varíase a estrutura de unha das alegacións e certas cuestión de forma no texto.

Apróbanse coas modificacións sinaladas respecto a documentación aportada.

5.- Análise da situación dos RRHH do Centro á vista do informe de revisión documental do SGIC (procedementos PA05 e PA06). Emisión de informe ao respecto.

Esta Comisión, como ten manifestado en varias ocasións, ten unha valoración moi negativa da política de contratación de profesorado e PAS desta Universidade. En particular, queremos deixar constancia, unha vez mais que o noso Centro sempre tivo unha situación deficitaria en cando a PDI. De feito, mais de 20 despois da súa creación, moitas áreas de coñecemento teñen un alto porcentaxe de profesorado sen vinculación permanente. Ademais, os incentivos para consolidación son mínimos o que, sen dúbida, coarta as perspectivas de futuro dos investigadores que hai no centro.

No que atinxe ao PAS, temos que manifestar, unha vez mais, que si os datos que temos da RPT respecto a todo ámbito xurídico-social consonte aos cuais tan són 6 funcionarios de apoio atenderían a tódolos centro e departamentos do ámbito, semella un recorte inadmisíbel que temos que rexeitar.

Estas reclamacións incorporaranse ás alegacións ao informe de revisión documental do SGIC que turnaremos a ACSUG.

Apróbase con delegación á Decana e ao Coordinador de calidade para que incorporen estas cuestións no citado informe.

6.- Emisión de informe sobre as alegacións ao Informe de Revisión documental do SGIC.

A Decana puntualiza que estas alegacións non son obrigatorias, aínda así se teñen elaborado xa que consideramos que certas non conformidades que constan en tal informe (e xa constaban no informe de certificación do SGIC de xuño de 2015) xa están subsanadas.

O Coordinador de Calidade, Francisco Torres, explica brevemente en qué consisten tales alegacións e que as mesmas serán acompañadas dun dossier (a modo de anexo) sobre una modificación orzamentaria na que se pode comprobar con claridade que o Centro cumpre co procedemento PA07 aínda que admitamos que a evidencia documental (vía plataforma do SGIC) se poda realizar mellor.

Apróbase

7.- Emisión de informe sobre as guías docentes das materias de 2º, 3º e 4º do Grao en Dereito.

A Coordinadora do Grao en Dereito, Carmen Ruiz Hidalgo e a Decana informan sobre a situación de determinadas materias que serán turnadas a Vicerreitoría co informe da Coordinadora. Neste punto deberá ser a Vicerreitoría quen decida si aprobar ou non aprobar tales guías.

Apróbase.

8.- Emisión de informe sobre as guías docentes das materias de 2º, 3º e 4º do Grao en RRL e RRHH.

O Coordinador do Grao en RRL e RRHH, Rafael Fernández Acevedo, informa que foron resoltos tódolos problemas das guías e que tan só unha guía presenta problemas en canto o número de profesores. Será turnada a Vicerreitoría co informe do Coordinador. Neste punto deberá ser a Vicerreitoría quen decida si aprobar ou non aprobar tal guía.

Apróbase

9.- Rolda de intervencións

Maria Antonia Arias informa sobre o novo regulamento de elaboración do TFM da UVigo. A idea é elaborar unha normativa específica para o Máster en Avogacía adaptada a tal regulamento. Na vindeira CC informaríase sobre tal normativa.

Non existindo mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 18:20 horas do que dou fe como Secretario.

Francisco José Torres Pérez